



## ANUNCIO DE ACORDO DE ADXUDICACION

Por medio deste documento ANUNCIASE, para os efectos oportunos, que por acordo de Xunta de Goberno Local do día 18 de marzo de 2016 foi adxudicado a favor de SEINDRA SERVICIOS Y MANTENIMIENTO S.L.U. o contrato de servizos consistente en limpeza de edificios municipais do Concello de Sandiás tramitado por procedemento aberto, oferta economicamente máis vantaxosa, con varios criterios de adxudicación.

No acordo se recollen as características ou vantaxes determinantes da selección, así como as razóns dos que foron excluídos.

Reprodúcese literalmente o acordo:

### **"6.-ACORDO DE ADXUDICACION CORRESPONDENTE O CONTRATO DE SERVIZO DE LIMPEZA DE EDIFICIOS MUNICIPAIS.**

Visto que mediante acordo de Xunta de Goberno aprobouse o expediente e os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e Prescricións Técnicas para a adxudicación do Servizo de limpeza, por procedemento aberto, oferta economicamente máis vantaxosa, varios criterios de adxudicación, e así mesmo procedeuse a aprobar o gasto que supón a adxudicación do mesmo.

Visto que durante a licitación foron presentadas as proposicións que constan no expediente.

A mesa de contratación declarou admitidas as seguintes proposicións:

1. SEINDRA SERVICIOS Y MANTENIMIENTO S.L.U.
2. MULTISERGA S.L.
3. LIMPIEZAS CIES S.L.
4. VALORIZA FACILITIES S.A.U.
5. MANTECER S.L.

A mesa de contratación rexeitou as seguintes proposicións:



CONSER FOMENTO GESTION DE SERVICIO. A empresa presenta a declaración responsable, pero inclue a bolsa de horas que oferta a maiores, e que forma parte dos criterios de selección a incluír no sobre nº 2, no sobre nº 1. Desvélese o secreto da oferta antes do acto público. Por dito motivo procede a exclusión da mesma.

Por dito motivo non se procede a apertura do sobre 2 de dita empresa.

Visto as actas das Mesa de contratación, das que se extrae:

1.- A exclusión da Empresa CONSER FOMENTO GESTION DE SERVICIO. A empresa presenta a declaración responsable, pero inclue a bolsa de horas que oferta a maiores, e que forma parte dos criterios de selección a incluír no sobre nº 2, no sobre nº 1. Desvélese o secreto da oferta antes do acto público. Por dito motivo procede a exclusión da mesma.

2.- A proposta de adxudicación do procedemento aberto por ter obtido a puntuación máis alta e resultado elexida tras desempate mediante sorteo, á proposición presentada por SEINDRA SERVICIOS E MANTEMENTOS S.L.U.

Visto que mediante acordo da Xunta de Goberno de data de 1 de marzo de 2016 se acordou:

*"Clasificar as proposicións presentadas polos licitadores, atendendo a proposta levada a cabo pola Mesa de Contratación, de conformidade coa seguinte orde:*

1. SEINDRA SERVICIOS E MANTEMENTOS S.L.U. puntuación 15 PUNTOS: OFERTA 29.040€ ive incluído o ano polo que obtén 10 puntos, e unha bolsa adicional de 100 horas polo que obtén 5 puntos. (primeira por resultado do sorteo).

2. MULTISERGA S.L., puntuación 15 PUNTOS: OFERTA 29.040€ ive incluído o ano polo que obtén 10 puntos, e unha bolsa adicional de 100 horas polo que obtén 5 puntos.


3. VALORIZA FACILITIES S.A.U., puntuación 14,50 PUNTOS. OFERTA 29.137,00€ ive incluído o ano polo que obtén 9,50 puntos, e unha bolsa adicional de 100 horas polo que obtén 5 puntos.



4. LIMPIEZAS CÍES S.L., puntuación 8,82 PUNTOS. OFERTA 30.250€ ive incluído o ano polo que obtén 3,82 puntos, e unha bolsa adicional de 100 horas polo que obtén 5 puntos.

5. MANTECER S.L. puntuación 6,91 PUNTOS. OFERTA 29.644,92€ ive incluído o ano polo que obtén 6,91 puntos. Non oferta bolsa adicional.

**SEGUNDO.** A exclusión da Empresa CONSER FOMENTO GESTION DE SERVICIO. A empresa presenta a declaración responsable, pero inclúe a bolsa de horas que oferta a maiores, e que forma parte dos criterios de selección a incluír no sobre nº 2, no sobre nº 1. Desvélese o secreto da oferta antes do acto público. Por dito motivo procede a exclusión da mesma.



**TERCEIRO.** Notificar e requirir a SEINDRA SERVICIOS E MANTEMENTOS S.L.U. licitador que presentou a oferta economicamente máis vantaxosa e que resultou elexida no desempate mediante sorteo de conformidade coa cláusula novena, para que presente, no prazo de dez días hábiles a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a documentación acreditativa da posesión e validez dos documentos esixidos no apartado primeiro do artigo 146 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, así como a documentación xustificativa de encontrarse ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social conforme ao artigo 64.2 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, e de constituír a garantía definitiva que sexa procedente."

Visto que se lle requiriu ao licitador que presentou a oferta economicamente máis vantaxosa que presentase a documentación xustificativa do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, así como xustificación da constituición da garantía definitiva.

Despois de examinar a documentación achegada, de conformidade co establecido no artigo 151.4 e na disposición adicional segunda do texto refundido da Lei de



contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, proponse acordar,

**PRIMEIRO.** Que se lle adxudique á empresa SEINDRA SERVICIOS E MANTEMENTOS S.L.U. o contrato de servizos de limpeza de edificios municipais por procedemento aberto, oferta economicamente máis vantaxosa, con varios criterios de adxudicación, no importe de 29.040,00€ iva incluído o ano, e unha bolsa adicional de 100 horas.

**SEGUNDO.** Que se dispoña o gasto con cargo á aplicación 920.227 do orzamento vixente de gastos.

**TERCEIRO.** Que se lles notifique, nos termos previstos no artigo 151.4 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público, a adxudicación aos licitadores que non resultaron adxudicatarios.

**CUARTO.** Que lle notifiquen a SEINDRA SERVICIOS E MANTEMENTOS S.L.U., adxudicatario do contrato, este acordo, e que o citen para a sinatura do contrato.

**QUINTO.** Que se publique a formalización do contrato de servizos de limpeza de edificios municipais no perfil do contratante.

A Xunta de Goberno Local, en competencia delegada por Decreto de Alcaldía de 24 de xuño de 2015, por unanimidade dos presentes (tres votos sendo tres os compoñentes da Xunta de Goberno) acordan aprobar a proposta elevándose a acordo."

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, pode interpor, alternativamente, ou un recurso de reposición potestativo no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da recepción da presente notificación, ante o alcalde do Concello de Sandiás, de acordo cos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da recepción da presente notificación, conforme ao artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-



CONCELLO DE SANDIÁS  
C/CAMPO SAN NICOLÁS Nº 2. C.P. 32692. –SANDIÁS- (OURENSE).  
TFNO: 988.46.50.01 FAX: 988.44.60.48

---

administrativa. Se optase por interpor un recurso potestativo de reposición, non poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio. Todo isto sen prexuízo de que poida interpor calquera outro recurso que puidese considerar máis conveniente para o seu dereito.

Sandiás a 18 de marzo de 2016

O secretario

Asdo.: Miguel Angel Rodríguez Rodríguez

